

## PROTOCOLO AFORO PARA A CELEBRACIÓN DE ASAMBLEAS DE SOCIEDADES DE CAZA NOVA NORMALIDADE

Data actualización: 17 de setembro de 2020

**1.- Normativa aplicable:** trala finalización do Estado de Alarma a transición á Nova Normalidade rexerese na Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de pola normativa estatal que fose de aplicación, polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 12-6-2020, modificado sucesivamente polos Acordos de 25-6-2020, de 17-7-2020, e de 24-7-2020 e finalmente pola Orde da Consellería de Sanidade do 15-8-20, **sen prexuízo de calquera outra normativa máis restritiva ditada polas Autoridades Sanitarias aplicable a determinadas zonas concretas do territorio** (\*)

**2.- En relación aos aforos permitidos para a celebración das Asembleas nas Sociedades** de Caza, queda limitado en lugares pechados ao 75 % da capacidade do local de celebración, cun límite de 300 persoas sentadas sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m, sendo obrigatorio o uso de máscara aínda que se manteña a distancia de seguridade.

Non obstante hai que ter en conta que por Orde da Consellería de Sanidade do 15 de agosto existe unha **recomendación** dirixida a toda a cidadanía de restrinxir os encontros sociais fóra do grupo de convivencia estable e de limitar estes encontros a un máximo de 10 persoas. Endurecese así a última recomendación adoptada polo Acordo do Consello da Xunta de 24-7-20 que limitaba os encontros a non mais de 25 persoas.

**Recoméndase polo tanto que na celebración de asembleas se evite, tanto á entrada como á saída, a formación de grupos de máis de 10 persoas, tratando de ser posible de levalas a cabo lugares abertos, cunha separación entre asistentes mínima de 2 mts., co uso obrigatorio de máscara, e coa adopción de todas as medidas hixiénicas pertinentes.**

O Acordo do Consello da Xunta de 12-6-2020 \**modificado por Acordo 17-7-20* prevé a este respecto:

*"3.33. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.*

*1. Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de trescentas persoas sentadas para lugares pechados e de mil persoas sentadas tratándose de actividades ao aire libre.*

*O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.*

*\*2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal durante a súa celebración ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.*

*O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3. Non obstante, as persoas oradoras, relatoras e similares poderán quitar a máscara no momento da súa intervención sempre que manteñan a distancia de seguridade interpersoal."*

*3. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración".*

(\*)

Para ver as diferentes Ordes da Xunta de Galicia sobre medidas de prevención da COVID 19 nos diferentes concellos ou territorios da Comunidade Autónoma (restricións, levantamento das mesmas, etc), premer no seguinte enlace:

<https://www.federaciongalegadecaza.com/documentos/dogs-xunta-covid.pdf>

**3.- En canto ao uso de máscaras** será obrigatorio en todo momento e lugar aínda cando se poida manter a distancia de seguridade, recomendándose incluso en espazos privados de uso privado, cerrados ou abertos, cando conflúan persoas non conviventes.

O Acordo do Consello da Xunta de 12-6-20 modificado por Acordo do 25-6-2020, por Acordo 17-7-20, por Acordo do 24-7-20 e por \*Orde da Consellería de Sanidade de 15-8-2020, prevé a este respecto:

**"1.3. Obrigatoriedade do uso de máscaras.**

**a) Obriga xeral.**

*Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros.*

*Así mesmo, de conformidade co artigo 6.1.b) do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso de máscara nos medios de transporte aéreo, marítimo, en autobús ou por ferrocarril, así como nos transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor.*

**b) Regras específicas.**

*1ª) Na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica, aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas. ....*

**c) Condicións de uso da máscara.**

*Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.*

*Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.*

**d) Excepcións á obriga de uso da máscara.**

*A obriga de uso de máscara non será exixible nos seguintes supostos:*

*1ª) Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.*

*2ª) Nos vehículos de turismo, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio. ....*

*4ª) Nos establecementos de hostalaría e restauración, por parte dos clientes do establecemento exclusivamente no momento específico do consumo. ....*

*7ª) No caso de exercicio de deporte individual ao aire libre, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva e sempre que, tendo en conta a posible concurrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento da distancia de dous metros con outras persoas non conviventes.*

*8ª) No caso de actividade física e deportiva en instalacións e centros deportivos, sempre que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersonal en todo momento, exclusivamente durante a realización das ditas actividades e tendo en conta o protocolo publicado para a dita instalación.*

*9ª) En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.*

*\*10ª) En el caso particular de consumo de tabaco o de cigarrillos electrónicos en la vía pública o en espacios al aire libre, incluida la terraza, solo se podrá exceptuar la obligación de uso de mascarilla, y exclusivamente durante el indicado consumo, siempre que, teniendo en cuenta la posible concurrencia de personas y las dimensiones del lugar, pueda garantizarse el mantenimiento, en todo momento, de la distancia de dos metros con otras personas...*

**\*e) Recomendacións sobre reunións de grupos de persoas en espazos privados. (Modificado por Orden 15-8-20)**

*En los espacios privados, abiertos o cerrados, de uso privado, se recomienda el uso de mascarilla, en el caso de reuniones o de posible confluencia de personas no conviventes, así como el mantenimiento de la distancia de seguridad interpersonal y la aplicación de medidas de higiene».*

*\*Por Orden da Consellería de Sanidade de 15 de agosto de 2020 modifícase o Acordo do Consello da Xunta de 12 de xuño de 2020 introducíndose a seguinte recomendación:*

*8. Recomendacións sanitarias.*

*Se recomenda a la ciudadanía:*

- a) restringir los encuentros sociales fuera del grupo de convivencia estable y*
- b) limitar los encuentros sociales a un máximo de diez personas».*

4.- Para a asistencia ás Asembleas por parte de socios residentes noutros lugares non existen de momento restricións á mobilidade.

5.- Na celebración destes actos é necesario que se cumpra en todo caso as medidas de prevención e hixiene indicadas polas autoridades sanitarias, polo que no caso de que non se puidesen cumprir, ou ben non debe convocarse a Asemblea ou ben suspenderse no caso de non poder garantir as medidas sanitarias.

6.- Dada a dificultade para reunirse en Sociedades con moitos socios, podería optarse pola celebración da Asemblea por videoconferencia, debendo existir neste caso un acordo da Xunta Directiva a este respecto, debendo cerciorarse antes de que efectivamente todos os socios se poden conectar telemáticamente; ou ben compaxinar a asistencia presencial coa telemática, por exemplo asistindo presencialmente só os membros da Xunta Directiva e parte dos socios, e conectándose o resto telemáticamente.

A celebración de Asembleas por parte de entidades privadas a través de videoconferencia está permitida ata o 31-12-2020, aínda que non estivese contemplada esta posibilidade nos Estatutos sociais, polo art. 40 do RDL 8/20, de 17 de marzo na súa redacción actual.

7.- En calquera caso o prazo para formular contas anuais quedou suspendido e reanudouse o 1 de xuño por un prazo de 3 meses, según dispón o art. 40.3 do RDL 8/20, de 17 de marzo, modificado por RDL 19/20 de 26 de maio.

*As recomendacións emitidas dende a Federación Galega de Caza conteñen o criterio desta entidade, sen prexuízo da existencia de calquera outro criterio ou opinión.*

**SOBRE O PRESENTE PROTOCOLO PREVALECERÁ EN TODO MOMENTO CALQUERA OUTRA NORMA QUE DITEN AO EFECTO AS AUTORIDADES SANITARIAS, TANTO CON CARÁCTER XERAL COMO RESTRICIÓN PARTICULARES POR ZONAS EN FUNCIÓN DA EVOLUCIÓN DA PANDEMIA.**